

A UDC presenta o primeiro máster en Criminoloxía do Sistema Universitario Galego

- Estes estudos impartiranse en modalidade semipresencial entre o 15 de setembro deste ano e xuño do que ven. O prazo de preinscrición xa está aberto e finaliza o 3 de setembro

A Universidade da Coruña (UDC) presenta un máster propio en Criminoloxía (MCrim), primeira oferta formativa de posgrao nesta materia do Sistema Universitario Galego. Trátase dun título de posgrao adaptado ao estudo da criminalidade, da desviación e dos conflitos na nosa realidade social, que ten particularidades diferenciais en relación coas grandes cidades españolas e europeas.

O MCrim ten unha marcada orientación interdisciplinaria, o que o fai axeitado para estudantes con formación en eidos diversos, como o Dereito, a Psicoloxía, a Socioloxía, o Traballo Social ou o Xornalismo, entre outros. Este máster ofrece unha formación teórica, pero tamén empírica e pragmática, polo que é especialmente apropiado para persoas que teñan comezado, ou queiran comezar, unha carreira profesional nos eidos do sistema penal - policía, tribunais, execución de penas- ou da asistencia e os servizos sociais. No marco dun posgrao semipresencial dun ano de duración, o MCrim proporcionará a eses estudantes e profesionais un coñecemento especializado sobre unha ampla pluralidade de problemas e conflitos sociais e sobre o xeito de gobernalos, con especial atención á delincuencia e á penalidade.

O MCrim susténtase no elevado nivel de coñecementos en materia criminolóxica acumulado por parte de diversos equipos de investigación da UDC, que gozan dun significado recoñecemento internacional.

Estes estudos impartiranse en modalidade semipresencial entre o 15 de setembro deste ano e xuño do que ven. O prazo de preinscrición xa está aberto e finaliza o 3 de setembro.

Os interesados/as en obter máis información poden consultar a páxina: <https://www.fundacion.udc.es/master-criminologia> ou escribir ao enderezo: master.criminologia@udc.gal